



**René Vale García gaña en San Huberto e José Francisco Rey Urrutia en Rastro de Xabaril, no fin de semana cinexético de Sedes, Narón**

O pasado 19 de maio de 2007, coincidindo coa Feira do Can de Caza, tiñan lugar nos montes da parroquia de Sedes, Narón (A Coruña) dúas probas puntuables para a Copa Federación: unha de San Huberto e outra de Cans de Rastro atrelados sobre Xabaril.

A proba de San Huberto viuse desbordada pola participación xa que contou finalmente con 31 cazadores participando en 3 campos, entre os cales figuraban dous campións do mundo como Jorge Martín Sánchez e José Sanmartín. Mais foi o lucense René Vale García quen, co seu Setter Inglés 'Top' se alzou coa victoria. Os primeiros postos da clasificación nesta proba quedaron así:

**Clasificación Proba San Huberto**

| Pos | Cazador              | Nome do can | Raza          | Sexo |
|-----|----------------------|-------------|---------------|------|
| 1º  | René Vale García     | Top         | Setter Inglés | M    |
| 2º  | Pedro Varela Abeledo | Stone       | Pointer       | M    |
| 3º  | José Yañez Leal      | Tour        | Setter Inglés | M    |
| 4º  | Jorge Martín Sánchez | Era         | Pointer       | F    |
| 5º  | Jaime Aneiros Ardao  | Rex         | Setter Inglés | M    |

Na proba de rastro de xabaril, disputada simultaneamente á de San Huberto, competían aproximadamente 40 monteiros de toda Galicia mais foi de novo un lucense, José Francisco Rey Urrutia que se alzou coa victoria co seu mestizo de sabueso e griffón 'Sil'. Nesta proba, a os primeiros postos quedaron da seguinte maneira:

**Clasificación Proba Rastro de Xabaril**

| Pos | Cazador                   | Nome do can | Raza             | Sexo |
|-----|---------------------------|-------------|------------------|------|
| 1º  | José F. Rey Urrutia       | Sil         | Sabueso Griffón  | M    |
| 2º  | Juan M. César Paulos      | Blanco      | Sabueso          | M    |
| 3º  | Javier Rodríguez Blanco   | Brent       | Griffón          | M    |
| 4º  | Álvaro Fontenla Filgueira | Terco       | Griffón Azul Ga. | M    |
| 5º  | Abel Méndez Dopico        | Eco         | Griffón          | M    |



*René Vale e o seu can 'Top' cobrando unha perdiz*

**Gabinete de Comunicación**  
FEDERACIÓN GALEGA DE CAZA  
[www.federaciongalegadecaza.com](http://www.federaciongalegadecaza.com)